



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE



ÍNDICE

1. Introducción
2. Misión, Visión e Valores
3. Estrutura e Recursos Humanos
4. Programas e Servizos
 - **Medrar desde o Lecer**
 - **Divírtete e Camiña**
 - **Ocio Concilia**
5. Resultados obtidos en 2024
6. Desafíos e proxeccións para o 2025
7. Colaboradores e Agradecementos
8. Anexos

1. INTRODUCCIÓN

Camiña é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en 1990, para dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual de diferentes idades da Mariña Lucense.

O noso compromiso é mellorar a calidade de vida deste colectivo e das súas familias, centrando os nosos esforzos en ofrecer actividades, servizos e programas que potencien o desenvolvemento persoal, fomenten a inclusión social e melloren as habilidades para a vida diaria a través do ocio.

Durante o ano 2023, levamos a cabo numerosas iniciativas que abarcaron áreas como a estimulación cognitiva, a autonomía persoal, o lecer inclusivo e a participación na vida comunitaria. Esta memoria pretende recoller de forma detallada as accións realizadas, os logros acadados e os retos identificados para o futuro.

2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

Misión

Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, das súas familias e do seu entorno, ofrecendo recursos de ocio adaptado que favorezan o desenvolvemento persoal e a inclusión social.

Visión

Consolidarnos como unha entidade de referencia na Mariña Lucense, recoñecida pola calidade das súas actividades e servizos e por traballar sempre coas persoas como centro da súa intervención.

Valores

- **Orientación á persoa:** as necesidades individuais son eixo central de todas as nosas accións.
- **Inclusión e Solidariedade:** fomentamos a participación activa na comunidade e traballamos para reducir as barreiras sociais.
- **Coherencia e Transparencia:** aliamos obxectivos e recursos de forma ética e responsable.
- **Mellora continua:** apostamos pola aprendizaxe e a innovación para responder mellor ás necesidades do colectivo.
- **Traballo en equipo:** a cooperación entre profesionais, familias e colaboradores é fundamental para o éxito dos nosos programas.

3. ESTRUCTURA E RECURSOS HUMANOS

Estrutura organizativa:

Camiña conta cunha Xunta Directiva composta por:

- **Presidente:** Silvino Oroza Cordido
- **Vicepresidente/a:** Carlos Rouco Mejuto
- **Secretario/a:** José Antonio Rodríguez Sixto
- **Tesoureiro/a:** María Fernanda Casabella Méndez

- **Vogal:** María Carmen Sanchez Franco
- **Vogal:** Lady Isabel Romero Peña
- **Vogal:** José Mario Cabo Jardón

Recursos Humanos

O equipo profesional está formado por especialistas nas seguintes áreas:

- Educación Social
- Integración Social
- Ocio e tempo libre

4. PROGRAMAS E SERVIZOS

4.1 Medrar dende o lecer

Este programa ten como obxectivo fomentar a autonomía persoal e social mediante actividades centradas no lecer. As accións que se levaron a cabo durante o ano 2024 inclúen:

- **Actividades de estimulación cognitiva:** talleres para mellorar memoria, linguaxe, atención e outras funcións cognitivas clave.
- **Actividades de vida diaria:** formación en rutinas, habilidades e exercicio físico adaptado traballando a promoción dos hábitos de vida saudable dos usuarios e usuarias do centro.
- **Lecer comunitario:** participación en eventos locais como paseos culturais, visitas ao Museo do Mar de San Cibrao e encontros socioculturais.

4.2 Ocio Concilia

Programa dirixido á infancia con discapacidade (3-12 anos), no que se traballan diferentes áreas:

- Apoio educativo e estimulación cognitiva.
- Promoción dos hábitos saudables
- Xestión emocional a través da expresión artística e xogos

4.3 Divértete en Camiña

Desenvolvéronse semanas temáticas durante o verán e as vacacións de Nadal coas seguintes actividades destacadas:

- Ximkanas , xogos cooperativos e deporte adaptado.
- Obradoiros de manualidades creativas, cociña e expresión artística.
- Actividades educativas relacionadas coas temáticas elixidas, como natureza, tradicións culturais e benestar.

5. RESULTADOS OBTIDOS EN 2024

Durante o ano 2024, Camiña alcanzou resultados significativos que reflicten o impacto positivo das actividades realizadas sobre as persoas usuarias, as súas familias e a comunidade en xeral. A continuación, detállanse os principais logros:

5.1 Impacto sobre as Persoas Usuarias

- Incremento da Autonomía persoal: o 85% das persoas participantes nos talleres de desenvolvemento da vida diaria indicaron unha mellora nas actividades que foron desenvolvendo.
- Mellora Cognitiva: mostrouse avances nos usuarios e usuarias en habilidades de concentración, atención, memoria e orientación espazo-temporal.
- Benestar emocional: púxose en marcha diversos talleres para promover unha mellor xestión emocional, reforzar as relacións sociais e mellorar a autoestima das persoas participantes.

5.2 Inclusión e participación social

- Participación no lecer comunitario: o 80% das persoas usuarias formaron parte de polo menos unha actividade comunitaria, como visitas culturais ou a eventos socioculturais organizados na mariña Lucense.
- Colaboración con Entidades locais: a asociación reforzou os lazos co Museo do Mar de San Cibrao, que organizou actividades mensuais adaptadas permitindo una maior integración das persoas usuarias na vida cultural da zona.

5.3 Beneficios para as familias

- **Redución da carga familiar:** os programas de lecer permitiron ás familias dispoñer de máis tempo para outras responsabilidades, destacando especialmente o impacto positivo do programa ``Ocio Concilia`` dirixido a nenos e nenas.
- **Apoio psicolóxico e social:** as familias manifestaron sentirse máis acompañadas e informadas sobre os recursos dispoñibles para a atencións das súas necesidades.

5.4 Datos cuantitativos

- Número total de participantes: 24 usuarios e usuarias comprendidos entre idades de 3 a 35 anos ao longo do ano 2024.
- Actividades realizadas: máis de 15 actividades distribuídas entre talleres, programas e eventos.

5.5 Recoñecemento e Avaliación

- **Valoración das actividades:** segundo as enquisas realizadas ao final de cada programa, o 95 % das persoas usuarias e familias valoraron positivamente as actividades que se levaron a cabo.
- **Consolidación dos proxectos:** no ano 2024 afianzamos programas clave como Medrar dende o lecer'', ``Divírtete en Camiña'' e ``Ocio Concilia'', asegurando a súa continuidade e ampliación para o ano 2025.

6. DESAFÍOS E PROXECCÍONS PARA O 2025

O ano 2025 preséntase como unha nova oportunidade para consolidar o traballo realizado e afrontar retos que nos permitan seguir mellorando os servizos e programas ofrecidos. A continuación, destacamos os principais desafíos e as liñas de acción previstas para o próximo ano.

6.1 Desafíos identificados

1. Acceso a recursos financeiros:

- Incrementar fontes de financiamento para garantir a continuidade e a ampliación dos programas existentes.
- Buscar subvencións públicas e privadas que permitan mellorar a infraestrutura e aumentar a capacidade de atención.

2. Aumento da participación comunitaria:

- Aumentar a implicación das familias nas actividades que se ofrecen.
- Reducir barreiras sociais e culturais que dificultan a integración de persoas con discapacidade intelectual en eventos comunitarios.

3. Formación e innovación

- Reforzar a capacitación do equipo humano en novas metodoloxías de intervención centradas na persoa
- Incorporar ferramentas tecnolóxicas que faciliten a planificación e execución das actividades

6.2 Implantación de novos proxectos

- Espazos de apoio familias: desenvolvemento de encontros regulares para proporcionar orientación e apoio emocional ás familias das persoas usuarias.

6.3 Obxectivos clave para 2025

- Incrementar o número de participantes nos principais programas que se están executando
- Aumentar actividades ao exterior
- Garantir que o 100% das familias usuarias teñan acceso a unha orientación personalizada actividade de apoio.

7. COLABORADORES E AGRADECIMENTOS

A labor realizada por Camiña no ano 2024 foi posible grazas á colaboración de entidades públicas e privadas comprometidas co benestar social e a inclusión das persoas usuarias. O seu apoio tanto económico como institucional , permitiu consolidar programas e iniciar novas iniciativas.

7.1 Colaboradores institucionais

Queremos agradecer especialmente a colaboración das seguintes entidades:

-CONCELLO DE BURELA, pola dotación económica da subvención a entidades sociais e asociacións con carácter social sen ánimo de lucro para proxectos/actividades na área dos servizos sociais

-DEPUTACIÓN DE LUGO: a través do convenio canalizador da subvención directa nominativa outorgada pola deputación provincial de Lugo á entidade camiña, asociación comarcal de la mariña lucense, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados na anualidade de 2024 (aprobado por resolución de presidencia de data 11 de abril de 2024).

-XUNTA DE GALICIA: o programa Ocioconcilia está financiado pola consellería de política social e igualdade da xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.

Por outra banda, grazas á subvención outorgada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** , podemos levar a o programa ``intervención a través do lecer´´, que ten como obxectivo mellorar o benestar e a integración social da nosa comunidade mediante actividades de lecer inclusivo. Esta axuda permítenos non só desenvolver as actividades planificadas, senón

tamén contar coa contratación de persoal especializado, clave para levar adiante o programa de forma efectiva e profesional.

-FUNDACIÓN ONCE: achegou financiamento específico que nos permitiu adquirir un ordenador de mesa, mellorando así os nosos recursos

- FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA

8. ANEXO





Actividades de
estimulación
cognitiva

2024



Divértete en Camiña

2024